

**Proceso selectivo para o ingreso, pola  
modalidade específica do persoal laboral fixo, no  
corpo administrativo da Administración xeral da  
Comunidade autónoma de Galicia, subgrupo C1.**

**Proba tipo test**

MODELO B

**NON abra o exame ata que o tribunal llo indique**

**1. De conformidade co artigo 7 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cando nunha solicitude, escrito ou comunicación figuren varios interesados, as actuacións a que dean lugar efectuaranse:**

- a) Co que figure en primeiro termo, en calquera caso.
- b) Co que decida discrecionalmente a Administración.
- c) Co representante ou co interesado que expresamente se sinalase.
- d) A persoa interesada de maior idade.

**2. Sinala o artigo 11 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas que as administracións públicas só lles requirirán aos interesados o uso obrigatorio de sinatura para unha serie de actuacións, entre as cales non se atopa unha das seguintes. Sinálese cal:**

- a) Presentar declaracións responsables ou comunicacións.
- b) Desistir de accións.
- c) Presentar documentación no rexistro.
- d) Interpor recursos.

**3. O artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas relaciona os suxeitos que, en todo caso, estarán obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo. Entre eles figura un dos seguintes, indíquese cal:**

- a) As persoas físicas.
- b) As entidades sen personalidade xurídica.
- c) Quen exerza unha actividade profesional para a que non se requira colexiación obrigatoria.
- d) Os empregados públicos, para calquera trámite.

**4. Os documentos electrónicos deberán conservarse nun formato que permita garantir a autenticidade, integridade e conservación do documento, así como a súa consulta, con independencia do tempo transcorrido desde a súa emisión. Asegurarase en todo caso (artigo 17 da LPAC):**

- a) Que a eliminación dos devanditos documentos deba ser autorizada expresamente polo interesado.
- b) Que esta consulta non teña custo ningún para o interesado, salvo naqueles casos en que así se determine polas normas reguladoras de cada procedemento.
- c) A posibilidade de trasladar os datos a outros formatos e soportes que garantan o acceso desde diferentes aplicacións.
- d) A conservación de documentos terá que levarse a un arquivo xeral en formatos físicos e electrónicos.

**5. De acordo co disposto polo artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a partir de que momento comeza a contarse o prazo máximo no que debe notificarse a resolución expresa cando se trate de procedementos iniciados de oficio?:**

- a) Desde a data do acordo de iniciación.
- b) Desde a data en que se publica o acordo de iniciación.
- c) Desde a data en que se notifica o acordo de iniciación.
- d) Desde que se asina a resolución.

**6. Cando un procedemento teña por obxecto o acceso a actividades ou o seu exercicio, a lei que dispoña o carácter desestimatorio do silencio (artigo 24 da LPAC):**

- a) Deberá fundarse na concorrencia de razóns imperiosas de interese xeral.

- b) Deberá acreditar o cumprimento dos principios de necesidade e proporcionalidade.
- c) Deberá ponderar, de forma suficientemente razoada, o prexuízo que causa ao interese público.
- d) Deberá informar a todos os interesados do carácter desestimatorio do silencio.

**7. Cando unha Administración pública teña que ditar, no ámbito das súas competencias, un acto que necesariamente teña por base outro ditado por unha Administración pública distinta e aquela entenda que é ilegal (artigo 39 da LPAC):**

- a) Poderá apartarse do sentido deste sen ter que motivar o seu propio acto.
- b) Poderá requirir a esta previamente para que anule ou revise o acto.
- c) Declararalo lesivo para o interese público tras a impugnación ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa.
- d) Deberá requirir a esta para que anule o acto.

**8. Respecto dos medios de notificación que deben empregar as administracións públicas, sinala o artigo 41 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas que:**

- a) As notificacións se practicarán preferentemente por medios electrónicos.
- b) As notificacións se practicarán exclusivamente por medios electrónicos.
- c) As notificacións se practicarán polo medio que sinale o interesado.
- d) As notificacións se practicarán polo medio que sinale a Administración.

**9. Segundo o sinalado polo artigo 47 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os actos ditados por órgano manifestamente incompetente por razón da materia ou do territorio determinarán:**

- a) A súa invalidez.
- b) A súa nulidade de pleno dereito.
- c) A súa anulabilidade.
- d) A súa validación.

**10. Segundo o artigo 57 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que órgano administrativo é o competente para dispoñer a acumulación dun procedemento a outros?:**

- a) O que inicie ou tramite un procedemento.
- b) O que resolva un procedemento.
- c) O superior xerárquico do que inicie un procedemento.
- d) O que teña maior nivel xerárquico.

**11. Segundo o artigo 62 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as denuncias sobre feitos que puidesen constituír unha infracción administrativa recollerán:**

- a) A data da súa comisión e, en todo caso, a identificación dos presuntos responsables.
- b) A data da súa comisión e, cando sexa posible, a identificación dos presuntos responsables.
- c) A identificación dos presuntos responsables e, cando sexa posible, a data da súa comisión.
- d) A data da apertura do expediente e a identificación dos responsables.

**12. Segundo o artigo 70 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cal dos seguintes documentos forma parte dun expediente administrativo?:**

- a) As notificacións aos interesados.
- b) As notas de apoio técnico dunha resolución.

- c) Os informes internos de carácter auxiliar.
- d) Os borradores e notas de apoio.

**13. Segundo o artigo 74 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as cuestións incidentais que se susciten no procedemento suspenderán a tramitación deste:**

- a) Só se se refiren á nulidade de actuacións.
- b) Só se se trata da recusación.
- c) Si, en todo caso.
- d) En ningún caso cabe suspensión.

**14. Dispón o artigo 80 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas que, con carácter xeral, os informes serán emitidos a través de medios electrónicos e no prazo de:**

- a) Vinte días.
- b) Cinco días.
- c) Dez días.
- d) Quince días.

**15. Segundo o artigo 83 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que órgano é o competente para poder acordar un período de información pública?:**

- a) O órgano ao que lle corresponda a instrución do procedemento.
- b) O órgano ao que lle corresponda ditar informe no procedemento.
- c) O órgano ao que lle corresponda a resolución do procedemento.
- d) O órgano ao que lle corresponda iniciar e informar no procedemento.

**16. De acordo co artigo 88 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, con respecto á**

**resolución dun procedemento administrativo, indique cal das seguintes afirmacións é incorrecta:**

- a) A aceptación de informes ou ditames servirá, en todo caso, de motivación á resolución.
- b) A resolución que poña fin ao procedemento decidirá todas as cuestións expostas polos interesados e aquelas outras derivadas del.
- c) Nos procedementos tramitados a solicitude do interesado a resolución en ningún caso pode agravar a súa situación inicial.
- d) As resolucións conterán a decisión, que será motivada nos casos a que se refire o artigo 35.

**17. En cal dos seguintes supostos a Administración poderá limitar os efectos da desistencia ou da renuncia ao interesado e seguirá o procedemento? (artigo 94 da LPAC):**

- a) Cando se aprecie a concorrencia de imperiosas razóns de interese xeral.
- b) Cando a renuncia ou a desistencia resulten contrarios á equidade, á boa fe, ao dereito dos particulares ou ás leis.
- c) Cando fose conveniente tramitar a cuestión suscitada pola incoación do procedemento para a súa definición e esclarecemento.
- d) Cando se teñan indicios de interese por parte da administración no procedemento.

**18. Os interesados poderán solicitar a tramitación simplificada do procedemento. Se o órgano competente para a tramitación aprecia que non concorre algunha das razóns previstas para a tramitación simplificada, poderá desestimar esta solicitude, no prazo de (artigo 96 da LPAC):**

- a) Sete días desde a súa presentación.
- b) Cinco días desde a súa presentación.
- c) Dez días desde a súa presentación.
- d) Quince días desde a súa presentación.

**19. Dispón o artigo 100 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas que se fosen varios os medios de execución admisibles:**

- a) Utilizaranse de modo sucesivo e comezarse por aquel que incida en menor medida no patrimonio do afectado.
- b) Elixirase o menos restritivo da liberdade individual.
- c) Utilizarase aquel que resulte máis adecuado para os fins perseguidos.
- d) Elixirase aquel que menos danos produza ao patrimonio do afectado.

**20. A que medio de execución dos previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas se acudirá cando se trate de actos que, por non ser persoalísimos, poidan ser realizados por un suxeito distinto do obrigado (artigo 102 da LPAC)?:**

- a) Execución subsidiaria.
- b) Multa coercitiva.
- c) Constrinximento sobre o patrimonio.
- d) Compulsión sobre as persoas.

**21. Conforme ao disposto no artigo 5 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, non poderán crearse novos órganos que supoñan duplicación doutros xa existentes:**

- a) En ningún caso.
- b) Só se se delimitan claramente as súas funcións e competencias.
- c) Se ao mesmo tempo non se suprime ou restrinxen debidamente a competencia dos xa existentes.
- d) Se non se aproba previamente o gasto.

**22. Conforme ao disposto no artigo 7 de a Lei 40/2015, do 1 outubro, de réxime xurídico do sector público, a Administración consultiva poderá articularse mediante órganos específicos dotados de:**



- a) Dependencia orgánica e funcional con respecto á Administración activa.
- b) Autonomía orgánica e funcional con respecto á Administración activa.
- c) Dependencia orgánica con respecto á Administración activa.
- d) Dependencia funcional con respecto á Administración activa.

**23. Conforme ao disposto no artigo 9 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as competencias que se exerzan por delegación:**

- a) Non poderán delegarse en ningún caso.
- b) Non poderán delegarse, salvo autorización expresa dunha lei.
- c) Poderán delegarse con autorización do órgano delegante.
- d) Poderán delegarse sempre.

**24. Conforme ao disposto no artigo 14 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, poderán dirixirse ao órgano que se atope coñecendo dun asunto para que decline a súa competencia e remita as actuacións ao órgano competente:**

- a) O órgano administrativo que se estime incompetente.
- b) Calquera cidadán maior de idade.
- c) Os interesados que sexan parte no procedemento.
- d) Calquera órgano administrativo.

**25. Conforme ao disposto no artigo 17 da Lei 40/2015, do 1 outubro, de réxime xurídico do sector público, para a válida constitución do órgano, para os efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirase a asistencia:**

- a) Do presidente e secretario e da metade, polo menos, dos seus membros.
- b) Do presidente e secretario e dun terzo, polo menos, dos seus membros.
- c) Do presidente e secretario e dun quinto, polo menos, dos seus membros.

- d) Do presidente, vicepresidente e secretario e da metade mais un dos seus membros.

**26. Conforme ao disposto no artigo 25 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a potestade sancionadora das administracións públicas exercerase:**

- a) Cando sexa expresamente recoñecida por unha norma con rango de lei.
- b) Cando sexa expresamente recoñecida por un regulamento.
- c) Cando sexa expresamente recoñecida nunha instrución.
- d) Cando sexa expresamente recoñecida nunha orde.

**27. Conforme ao disposto no artigo 28 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, cando o cumprimento dunha obrigaón establecida por unha norma con rango de lei corresponda a varias persoas conxuntamente estas responderán das infraccións que, se é o caso, se cometan e das sancións que se impoñan:**

- a) De forma mancomunada.
- b) En ningún caso poderán responder ás infraccións que cometan.
- c) De forma solidaria.
- d) De forma comanditaria.

**28. Segundo o artigo 31 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, non poderán sancionarse os feitos que o foran penal ou administrativamente, nos casos en que se aprecie:**

- a) Identidade do suxeito, feito e sanción.
- b) Identidade do suxeito, feito e fundamento.
- c) Identidade do suxeito, sanción e fundamento.
- d) Identidade do suxeito, lugar dos feitos e fundamento.

**29. De conformidade co establecido no artigo 4 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia, non é un principio xeral de actuación:**

- a) Facer efectivo o principio de igualdade e non discriminación.
- b) Asegurar a interoperabilidade dos servizos, sistemas e información cos de outras administracións públicas e o sector privado.
- c) Facer efectiva a participación plena de toda a cidadanía evitando a fenda tecnolóxica.
- d) Garantir o uso normal da lingua galega en todas as plataformas, procedementos e servizos da administración dixital.

**30. De conformidade co establecido no artigo 9.1 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia, sinalar a quen lle corresponde determinar as medidas necesarias para garantir o acceso da comunidade galega no exterior aos servizos públicos dixitais:**

- a) Á Xunta de Galicia.
- b) Á consellería competente en materia de administracións públicas.
- c) Á entidade competente en materia de contidos dixitais.
- d) Á secretaría xeral técnica da Presidencia da Xunta de Galicia.

**31. De conformidade co establecido no artigo 42.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia, a lista de confianza de prestadores cualificados de servizos electrónicos de confianza será accesible dende:**

- a) A sede electrónica da Xunta de Galicia.
- b) O portal web corporativo da Consellería de Facenda.
- c) O portal web corporativo da consellería competente en materia de administracións públicas.
- d) A páxina oficial da Xunta de Galicia.

**32. De conformidade co establecido no artigo 71 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia, a administración xeral e as entidades públicas instrumentais do sector público autonómico dotarán dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica:**

- a) Ao persoal funcionario de carreira e laboral fixo exclusivamente.
- b) Ao persoal empregado público.
- c) Ao persoal funcionario de carreira, laboral fixo e ao persoal eventual exclusivamente.
- d) A todo o persoal que traballa para as administracións públicas.

**33. De conformidade co establecido no artigo 74.1 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia, a administración xeral e as entidades públicas instrumentais do sector público autonómico dotarán ao seu persoal empregado público:**

- a) Dunha tarxeta de identificación corporativa.
- b) Dunha tarxeta de acreditación persoal.
- c) Dunha tarxeta de acreditación funcional.
- d) Dunha tarxeta de acreditación corporativa.

**34. De acordo co establecido no artigo 2 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia, a potestade de autoorganización é aquela que:**

- a) Faculta a Administración xeral do Estado para estruturar, establecer o réxime xurídico e dirixir e fixar os obxectivos da función pública galega.
- b) Faculta a Consellería de Presidencia para estruturar, establecer o réxime xurídico e dirixir e fixar os obxectivos da función pública galega.
- c) Faculta a Comunidade Autónoma de Galicia para estruturar, establecer o réxime xurídico e dirixir e fixar os obxectivos da función pública galega.
- d) Faculta a Consellería de Presidencia e a Consellería de Facenda para organizar, establecer o réxime xurídico e dirixir e fixar os obxectivos da función pública galega.

**35. Con base no recollido no artigo 4 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, esta lei non se aplica ao persoal funcionario ao servizo das seguintes administracións públicas:**

- a) Entidades locais galegas.
- b) Entidades públicas instrumentais vinculadas ou dependentes das entidades locais galegas.
- c) Delegacións ministeriais na Comunidade Autónoma de Galicia.
- d) As universidades públicas galegas.

**36. De acordo co establecido no artigo 11 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia, o persoal que presta servizos no Consello Consultivo de Galicia:**

- a) Réxese pola normativa reguladora deste órgano e pola presente lei supletoriamente.
- b) Réxese pola presente lei, excepto no relativo ás retribucións complementarias e outras materias.
- c) Non se rexe pola presente lei en ningún caso.
- d) Réxese directamente por esta norma.

**37. De acordo co establecido no artigo 22 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia, os postos que teñan atribuídas funcións que impliquen a realización de tarefas de inspección, fiscalización ou control serán reservados necesariamente nas relacións de postos de traballo a:**

- a) O persoal laboral.
- b) O persoal funcionario.
- c) O persoal eventual.
- d) O persoal laboral indefinido.

**38. De acordo co establecido no artigo 23 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia, o prazo máximo de duración da interinidade**

**para a execución de programas de carácter temporal e de duración determinada que non respondan a necesidades permanentes da Administración non poderá ser superior a:**

- a) Tres anos.
- b) Un ano.
- c) Dez anos.
- d) Cinco anos.

**39. Segundo o recollido no artigo 26 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, poden ser desempeñados por persoal laboral:**

- a) Os postos de natureza non permanente.
- b) Os postos que teñan atribuídas funcións de inscrición e anotación de datos nos rexistros administrativos.
- c) Os postos que teñan atribuídas funcións de cancelación de datos nos rexistros administrativos.
- d) Os postos que teñan atribuídas funcións de inspección.

**40. Con base no sinalado no artigo 28 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, a creación de postos de traballo derivados de sentenzas xudiciais firmes que recoñezan situacións laborais de carácter indefinido incluíranse nas correspondentes relacións de postos de traballo:**

- a) Como postos de persoal laboral.
- b) Como postos de persoal laboral indefinido.
- c) Como postos de persoal funcionario ou, excepcionalmente, de persoal laboral cando a natureza das súas funcións así o requira.
- d) Como postos de persoal eventual.

**41. De acordo co establecido no artigo 30 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia, o cesamento da autoridade que efectuou o nomeamento produce necesariamente:**

- a) O cesamento do persoal eventual ao que esta nomease.
- b) O cesamento do persoal laboral temporal ao que esta nomease.
- c) O cesamento do persoal funcionario interino da devandita unidade administrativa.
- d) O cesamento do persoal indefinido ao que esta nomease.

**42. Segundo o literal do artigo 31.3 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, a determinación das condicións de emprego do persoal eventual:**

- a) Non ten a consideración de materia obxecto de negociación colectiva para os efectos desta lei.
- b) Ten a consideración de materia obxecto de negociación colectiva para os efectos desta lei.
- c) Non ten a consideración de materia obxecto de negociación individual para os efectos desta lei.
- d) Ten a consideración de materia obxecto de negociación colectiva igual que o resto do persoal da administración pública

**43. O artigo 34 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, indica que os contratos laborais de alta dirección do persoal directivo incluírán un pacto de permanencia e non competencia postcontractual:**

- a) Polos dous anos seguintes á extinción do contrato.
- b) Polos tres anos seguintes á extinción do contrato.
- c) Polos cinco anos seguintes á extinción do contrato.
- d) Non incluírán ningún tipo de pacto

**44. O resultado da avaliación pola xestión do persoal directivo recollida no artigo 35 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, determinará entre outros:**

- a) A progresión na carreira directiva profesional.

- b) A progresión na carreira profesional.
- c) A progresión na carreira directiva vertical.
- d) A progresión na carreira horizontal do persoal directivo

**45. O artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, sinala que as administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei garantirán os dereitos constitucionais e lingüísticos das persoas:**

- a) Respecto do galego, como lingua propia e oficial de Galicia.
- b) A Lei 2/2015 non recolle no seu articulado referencia ningunha a requisitos lingüísticos.
- c) Tanto respecto do galego, como lingua propia e oficial de Galicia, coma do castelán, lingua oficial en Galicia.
- d) Respecto do galego, como lingua nacional e oficial de Galicia.

**46. Figura no artigo 55 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, como un dos principios dos procesos selectivos dos empregados públicos:**

- a) Os órganos de selección non poderán propoñer o acceso ao emprego público dun número superior de persoas aprobadas ao de prazas convocadas, excepto cando así o prevexa a propia convocatoria.
- b) Os órganos convocantes non poderán propoñer o acceso ao emprego público dun número superior de persoas aprobadas ao de prazas convocadas, excepto cando así o prevexa a propia convocatoria.
- c) A Administración convocante non poderá propoñer o acceso ao emprego público dun número superior de persoas aprobadas ao de prazas convocadas, excepto cando así o prevexa a propia convocatoria.
- d) Os órganos de selección poderán propoñer o acceso ao emprego público dun número superior de persoas aprobadas ou convocadas cando unha norma o permita.



**47. No artigo 58 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, non figura entre o contido mínimo das bases das convocatorias dos procesos selectivos:**

- a) O réxime aplicable ao órgano de selección.
- b) A composición do órgano de selección.
- c) O sistema selectivo aplicable, con indicación do tipo de probas concretas e os sistemas de cualificación dos exercicios ou, de ser o caso, os baremos de puntuación dos méritos.
- d) A orde de actuación das persoas aspirantes.

**48. Non é un dereito individual dos empregados públicos, segundo o artigo 71 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia:**

- a) O dereito á inamovibilidade na condición de funcionario interino.
- b) O dereito á mobilidade profesional nos termos previstos nesta lei.
- c) O dereito a participar na consecución dos obxectivos atribuídos á unidade onde presten os seus servizos.
- d) O dereito a percibir as retribucións e as indemnizacións por razón do servizo

**49. Non consta como un dos deberes dos empregados públicos recollidos no artigo 74 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia:**

- a) Desempeñar efectivamente as funcións ou tarefas propias da súa condición profesional e de acordo coa progresión acadada na súa carreira profesional.
- b) Axustar a súa actuación aos principios de lealdade e boa fe coa Administración pública na cal presten os seus servizos, cos seus superiores, cos seus compañeiros, cos seus subordinados e cos cidadáns.
- c) Garantir a constancia e a permanencia dos documentos para a súa transmisión e entrega aos seus posteriores responsables.

- d) Tratar con atención e respecto aos cidadáns, e aos seus superiores e aos restantes empregados públicos

**50. Segundo o artigo 77 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o persoal funcionario de carreira de cada corpo ou escala terá atribuída unha categoría profesional e un grao dentro dela que para o persoal funcionario de novo ingreso será necesariamente:**

- a) A categoría básica e o grao de ingreso nela.
- b) A categoría inicial e o grao inferior desta.
- c) A categoría do primeiro posto definitivo ao que acceda.
- d) A categoría de entrada e o grao consolidado desta.

**51. Cal dos seguintes, segundo o recollido no artigo 88 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, non é un procedemento ordinario de provisión de postos de traballo polo persoal funcionario de carreira?:**

- a) O concurso específico.
- b) A comisión de servizos voluntaria.
- c) A libre designación con convocatoria pública.
- d) O concurso ordinario

**52. Segundo o artigo 89 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, no caso de postos de persoal funcionario da Administración xeral, o persoal funcionario de carreira que estea adscrito por motivos de saúde ou rehabilitación a un posto de traballo en distinta localidade daquela na que teña o seu destino definitivo estará obrigado a participar nos concursos de provisión, para postos adecuados ao seu corpo ou escala, que se convoquen e a solicitar:**

- a) Todos os postos situados na mesma provincia do posto ao que figure adscrito provisionalmente.

- b) Todos os postos situados a menos de 30 quilómetros da localidade do posto ao que figure adscrito provisionalmente.
- c) Todos os postos situados na mesma localidade do posto ao que figure adscrito provisionalmente.
- d) Todos os postos situados a menos de 10 quilómetros da localidade do posto ao que figure adscrito definitivamente.

**53. Segundo o artigo 91 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, a valoración global dos méritos, xerais e específicos, supoñerá, no caso do concurso específico, como mínimo:**

- a) O 45 % da puntuación máxima alcanzable.
- b) O 55 % da puntuación máxima alcanzable.
- c) O 40 % da puntuación máxima alcanzable.
- d) O 60 % da puntuación máxima alcanzable

**54. Segundo o artigo 97 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o persoal funcionario que cese nun posto de traballo provisto por libre designación percibirá as retribucións complementarias correspondentes ao posto que ocupase con carácter definitivo:**

- a) Mentres non obteña outro posto con carácter definitivo polos procedementos ordinarios de provisión previstos no capítulo III do título VI da lei e durante un prazo máximo de tres meses.
- b) Mentres non obteña outro posto con carácter definitivo polos procedementos ordinarios de provisión previstos no capítulo III do título VI da lei e durante un prazo máximo de seis meses.
- c) Mentres non obteña outro posto con carácter definitivo polos procedementos ordinarios de provisión previstos no capítulo III do título VI da lei e durante un prazo máximo de doce meses.

- d) Mentres non obteña outro posto con carácter provisional polos procedementos ordinarios de provisión previstos no capítulo III do título VI da lei e durante un prazo máximo de nove meses.

**55. Segundo o artigo 101 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, no caso de que o posto de traballo desempeñado en comisión de servizos de carácter forzoso teña asignadas unhas retribucións inferiores ás do posto de orixe, percibirase, mentres se permaneza en tal situación:**

- a) As retribucións do posto de orixe.
- b) Unha indemnización pola diferenza.
- c) Un complemento retributivo persoal transitorio pola diferenza.
- d) Un complemento de posto de traballo

**56. Segundo o artigo 106 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, concederase unha redución por horas completas de ata a metade da duración da xornada de traballo diaria por un prazo máximo dun mes, prorrogable en circunstancias excepcionais ata unha duración máxima total de dous meses, para atender ao coidado do cónxuxe ou parella de feito, dun familiar de primeiro grao de consanguinidade ou afinidade ou dun menor en acollemento preadoptivo, permanente ou simple, por razóns de:**

- a) Accidente ou enfermidade grave.
- b) Enfermidade moi grave.
- c) Accidente ou enfermidade moi grave.
- d) Accidente laboral grave

**57. Segundo o artigo 109 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, no caso de permiso por traslado de domicilio de persoal**

**funcionario no que a unidade familiar estea integrada por dúas persoas, a duración do permiso previsto é de:**

- a) Dous días naturais se o traslado ten lugar dentro da mesma localidade e de catro días naturais se implica cambio de residencia a outra localidade.
- b) Dous días hábiles se o traslado ten lugar dentro da mesma localidade e de catro días hábiles se implica cambio de residencia a outra localidade.
- c) Dous días naturais se o traslado ten lugar dentro da mesma provincia e de catro días naturais se implica cambio de residencia a outra provincia.
- d) Dous días hábiles se o traslado ten lugar dentro da mesma provincia e de seis días naturais se implica cambio de residencia a outra provincia.

**58. Segundo a redacción do artigo 116 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o persoal funcionario ten dereito a un permiso para atender o coidado do cónxuxe ou parella de feito ou dun familiar dentro do primeiro grao de consanguinidade ou afinidade, nos casos de:**

- a) Accidente ou enfermidade grave.
- b) Accidente ou enfermidade moi grave.
- c) Enfermidade moi grave.
- d) Accidente ou enfermidade laboral grave

**59. Con respecto á percepción de remuneracións, sinala o artigo 1 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas que:**

- a) Non se poderá percibir, salvo nos supostos previstos na devandita lei, máis dunha remuneración con cargo aos orzamentos das administracións públicas.
- b) Non se poderá percibir en ningún caso máis dunha remuneración con cargo aos orzamentos das administracións públicas.

- c) Poderán recibirse ata un máximo de dúas remuneracións con cargo aos orzamentos das administracións públicas.
- d) Poderase percibir máis dunha remuneración con cargo aos orzamentos das administracións públicas en casos excepcionais.

**60. De acordo co artigo 3.1 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, o persoal comprendido no ámbito de aplicación desta lei só poderá desempeñar un segundo posto de traballo ou actividade no sector público nos supostos previstos nesta para as funcións:**

- a) Sanitaria e militar.
- b) Docente e militar.
- c) Docente e sanitaria.
- d) Sanitaria e universitaria

**61. De acordo co artigo 2 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, enténdese por discriminación directa:**

- a) Cando unha persoa con discapacidade é tratada de maneira diferente respecto doutras por motivo ou por razón de discapacidade, creando unha contorna intimidatoria.
- b) Cando unha persoa ou grupo en que se integra é obxecto dun trato discriminatorio debido á súa relación con outra por motivo ou por razón de discapacidade.
- c) É a situación en que se encontra unha persoa con discapacidade cando é tratada de maneira menos favorable ca outra en situación análoga por motivo ou por razón da súa discapacidade.

- d) É a situación en que se encontra unha persoa con discapacidade cando non é tratada de xeito favorable por motivo da súa situación.

**62. De acordo co artigo 2 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, enténdese por normalización:**

- a) A adopción de medidas de carácter específico consistentes en evitar ou compensar as desvantaxes derivadas da discapacidade.
- b) A adopción de medidas de carácter específico consistentes en promover valores compartidos orientados ao ben común e á cohesión social.
- c) O principio en virtude do cal as persoas con discapacidade deben poder levar unha vida en igualdade de condicións e acceder aos mesmos lugares, ámbitos, bens e servizos que están á disposición de calquera outra persoa.
- d) Son aquelas persoas que poden levar unha vida en condicións en lugares de uso común.

**63. De acordo co artigo 2 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, enténdese por accesibilidade universal:**

- a) A condición que deben cumprir as contornas, procesos, bens, produtos e servizos, así como os obxectos, instrumentos, ferramentas e dispositivos, para seren comprensibles, utilizables e practicables por todas as persoas en condicións de seguridade e comodidade e da forma máis autónoma e natural posible.
- b) O principio en virtude do cal a sociedade promove valores compartidos orientados ao ben común e á cohesión social, de xeito que se permita que

todas as persoas con discapacidade teñan as oportunidades e os recursos necesarios.

- c) A adaptación necesaria e adecuada do ambiente físico, social e actitudinal ás necesidades específicas das persoas con discapacidade que non impoñan unha carga desproporcionada ou indebida.
- d) A posibilidade de que todas persoas con discapacidade podan acceder en igualdade de condicións a espazos e lugares de forma segura.

**64. De acordo co artigo 4 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, a acreditación do grao de discapacidade:**

- a) Realizárase nos termos establecidos regulamentariamente e terá validez en todo o territorio nacional.
- b) Realizárase nos termos establecidos regulamentariamente e terá validez no territorio da comunidade autónoma.
- c) Realizárase nos termos establecidos regulamentariamente e especificará as medidas de acción positiva que resulten de aplicación.
- d) Realizárase nos termos establecidos nunha norma específica e terá validez no territorio da comunidade autónoma.

**65. En base ao artigo 5 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, as medidas específicas para garantir a igualdade de oportunidades, a non discriminación e a accesibilidade universal aplicaranse, ademais de aos dereitos regulados no título I, a:**

- a) A educación.
- b) A protección da saúde.
- c) A Administración de xustiza.



d) Bens e servizos no eido privado

**66. En base ao artigo 10 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, as persoas con discapacidade teñen dereito á protección da saúde, o que inclúe:**

- a) A prevención da enfermidade e a protección, promoción e recuperación da saúde, agás o referido á saúde sexual e reprodutiva.
- b) A prevención da enfermidade e a protección, promoción e recuperación da saúde, con especial atención á saúde mental e á saúde sexual e reprodutiva.
- c) A prevención da enfermidade e a protección, promoción e recuperación da saúde, agás o referido á saúde mental.
- d) A prevención da enfermidade e a protección da saúde, agás o referido á saúde reprodutiva.

**67. En base ao artigo 11 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, a prevención de deficiencias e de intensificación de discapacidades:**

- a) Articularase a través de plans cuxa elaboración corresponde ás entidades locais.
- b) Constitúe un dereito das persoas con discapacidade.
- c) Constitúe un dereito e un deber de todo cidadán e da sociedade no seu conxunto.
- d) Constitúe un deber do estado

**68. De acordo co artigo 23 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, a regulación das**

**condicións básicas de accesibilidade e non discriminación que lles garantan os mesmos niveis de igualdade de oportunidades a todas as persoas con discapacidade:**

- a) Desenvolverase a través de proxectos de execución.
- b) Será gradual no tempo e no alcance e contido das obrigas impostas.
- c) Será supletoria das medidas que se establezan en materia de igualdade de xénero.
- d) Será gradual e supletoria no tempo.

**69. De acordo co artigo 30 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, adoptarán as medidas adecuadas para facilitar o estacionamento dos vehículos automóbiles pertencentes a persoas con problemas graves de mobilidade, por razón da súa discapacidade:**

- a) Os concellos.
- b) As comunidades autónomas.
- c) As comunidades autónomas, sen prexuízo das competencias atribuídas ás entidades locais.
- d) As mancomunidades de concellos.

**70. En base ao artigo 36 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, con relación ao dereito ao traballo, enténdese por igualdade de trato:**

- a) A ausencia de toda discriminación directa ou indirecta por motivo ou por razón de discapacidade, no emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo.

- b) A situación laboral que elimina nos convenios colectivos cláusulas que supoñan discriminación directa por motivo ou por razón de discapacidade.
- c) A situación laboral que elimina no ámbito laboral a contorna intimidatoria, hostil ou degradante.
- d) A ausencia de discriminación directa por motivo ou por razón de discapacidade, no ámbito do emprego e nas condicións de traballo.

**71. De conformidade co establecido no artigo 5.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre o fomento da cultura da transparencia:**

- a) A Xunta de Galicia fará público anualmente no Portal de transparencia e goberno aberto un informe aprobado pola Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación.
- b) A Xunta de Galicia fará público anualmente no seu Portal electrónico un informe aprobado pola Comisión de Información e Avaliación.
- c) A Xunta de Galicia fará público semestralmente no Portal de transparencia e goberno aberto un informe aprobado pola Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación.
- d) A Xunta de Galicia fará público bimestralmente no Portal de transparencia e goberno aberto un informe aprobado pola Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación.

**72. De conformidade co establecido no artigo 6.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre a publicidade activa:**

- a) Cando a información conteña datos de carácter persoal, non se poderán publicar.
- b) Cando a información conteña datos de carácter persoal, especialmente protexidos, a súa publicidade só se levará a cabo coa disociación previa destes.

- c) Cando a información conteña datos de carácter persoal, especialmente protexidos, non se poderán publicar.
- d) Cando a información conteña datos de carácter xeral, a súa publicidade levarase a cabo coa publicación destes.

**73. De conformidade co establecido no artigo 25.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, en relación ao acceso da información pública:**

- a) As limitacións ao dereito de acceso serán de aplicación durante un tempo predeterminado polas resolucións que acordan o acceso e mentres se manteña a razón que as xustifique.
- b) As limitacións ao dereito de acceso fixarán a súa duración e, en todo caso, ata que se solicite novamente o acceso.
- c) As limitacións ao dereito de acceso só serán de aplicación durante o período de tempo determinado polas leis ou mentres se manteña a razón que as xustifique.
- d) As limitacións ao dereito de acceso só serán de aplicación durante un período de seis meses e virá determinado polas leis.

**74. De conformidade co establecido no artigo 26.4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, en relación á solicitude de acceso á información pública:**

- a) A persoa solicitante está obrigada a motivar a súa solicitude de acceso á información.
- b) A persoa solicitante non está obrigada a motivar a súa solicitude de acceso á información.
- c) A persoa solicitante poderá ser requirida para que motive a súa solicitude de acceso á información.
- d) A persoa solicitante estará obrigada a motivar a súa solicitude de acceso a toda información que solicite.

**75. De conformidade co establecido no artigo 28.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, en relación á solicitude de acceso á información pública:**

- a) Contra a resolución expresa ou presunta en materia de acceso poderá interpoñerse unha reclamación ante o conselleiro do que dependa o órgano que debe de resolver.
- b) Contra a resolución expresa ou presunta en materia de acceso poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo.
- c) Contra a resolución expresa ou presunta en materia de acceso poderá interpoñerse unha reclamación ante o Consello da Xunta de Galicia.
- d) Contra a resolución expresa ou presunta en materia de acceso poderá interpoñerse un recurso de amparo ante o Tribunal Constitucional.

**76. Segundo o establecido no artigo 32.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre a Comisión da Transparencia:**

- a) Atribúenselle as funcións desta ao Valedor do Pobo.
- b) Atribúenselle as funcións desta ao Consello da Xunta.
- c) Atribúenselle as funcións desta ao titular da Consellería da Presidencia.
- d) Atribúenselle as funcións desta ao Consello Consultivo da Xunta.

**77. Segundo o disposto no artigo 1 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, a Comunidade Autónoma de Galicia reforza o seu compromiso na eliminación da discriminación entre mulleres e de homes e na promoción da igualdade, atribuíndolle a maior efectividade posible, no seu campo de competencias, ao principio constitucional de:**

- a) Igualdade de oportunidades entre as persoas de ambos os sexos.
- b) Participación desequilibrada dos homes na toma de decisións.

- c) Garantía da dignidade das mulleres.
- d) Busca e eliminación total das discriminacións por razón de xénero.

**78. Conforme ao disposto no artigo 3 de Decreto legislativo 2/2015, do 12 febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, polo que respecta ao acceso ao emprego, unha diferenza de trato baseada nunha característica relacionada co sexo que non constitúe discriminación cando, debido á natureza das actividades profesionais concretas ou ao contexto no que leven a cabo, dita característica constitúa un requisito profesional esencial e determinante, a condición de que o seu obxectivo sexa lexítimo e o requisito proporcionado, denomínase:**

- a) Excepción de boa fe ocupacional.
- b) Discriminación indirecta.
- c) Unha acción positiva.
- d) Discriminación directa

**79. Segundo o disposto no artigo 6 de Decreto legislativo 2/2015, do 12 febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, a difusión dos valores da igualdade de oportunidades e a defensa dos dereitos e intereses das mulleres para erradicar a discriminación no ámbito do emprego e das relacións laborais corresponderalle a:**

- a) O Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA).
- b) A Consellería de Economía, Emprego e Industria.
- c) O Consello Galego das Mulleres.
- d) A Consellería de Política social.

**80. Conforme ao disposto no artigo 47 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, no acceso ao emprego público galego analizarase se os requisitos esixidos ás persoas aspirantes determinan un prexuízo para as mulleres ou para un colectivo predominantemente feminino:**

- a) Con anterioridade a calquera oferta de emprego público.
- b) Con anterioridade á convocatoria do proceso selectivo.
- c) Unha vez finalizado o proceso selectivo.
- d) Con anterioridade ao nomeamento como persoal das administración pública.

#### PREGUNTAS DE RESERVA

**81. No que se refire aos termos e prazos, de acordo co teor literal do artigo 29 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sinala cal das seguintes respostas é correcta:**

- a) Os termos e prazos establecidos nesta ou noutras leis obrigan ás autoridades e ao persoal ao servizo das administracións públicas competentes para ditar resolución dos asuntos, así como aos interesados neles.
- b) Os termos e prazos establecidos nesta ou noutras leis obrigan ás autoridades e ao persoal o servizo das administracións públicas competentes para a tramitación dos asuntos, así como aos interesados neles.
- c) Os termos e prazos establecidos nesta ou noutras leis obrigan unicamente ao persoal ao servizo das administracións públicas competente para a instrución dos asuntos, así como aos interesados neles.

- d) Os termos e prazos establecidos nas normas administrativas obrigan ás administracións competentes para a tramitación dos asuntos, así como aos interesados neles.

**82. Conforme ao disposto no artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, contra as resolucións adoptadas en materia de recusación:**

- a) Poderá interporse recurso de reposición.
- b) Poderá interporse recurso de alzada.
- c) Non caberá recurso.
- d) Poderá interporse recurso extraordinario de revisión.

**83. De acordo co artigo 52 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, os centros ocupacionais:**

- a) Son servizos de orientación e apoio ás familias.
- b) Son servizos de centro de día e de noite que ofrecen una atención integra ás persoas con discapacidade, co obxectivo de mellorar ou manter a autonomía persoal.
- c) Teñen como finalidade asegurar os servizos de terapia ocupacional e de axuste persoal e social ás persoas con discapacidade, co obxecto de lograr o seu máximo desenvolvemento persoal e, nos casos en que sexa posible, facilitar a súa capacitación e preparación para o acceso ao emprego.
- d) Son centros para persoas con discapacidade co obxecto de lograr o seu máximo desenvolvemento social.

**84. Cal destas licenzas non está recollida nos artigos 126 a 131 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia?:**



- a) Licenza por asuntos particulares.
- b) Licenzas por enfermidade.
- c) Licenza para supostos de hospitalización prolongada.
- d) Licenza para a realización de estudos sobre materias directamente relacionadas coa Administración pública.

**85. Conforme ao disposto no artigo 52 de Decreto legislativo 2/2015, do 12 febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, enténdese a existencia de predominancia cando no corpo, escala, grupo ou categoría exista unha diferenza porcentual entre o número de mulleres e o número de homes de polo menos:**

- a) 20 puntos.
- b) 10 puntos.
- c) 25 puntos.
- d) 15 puntos.